



Concello de
OURENSE

Expte. 201825487

XC 23-X/2018

DECRETO DA ALCALDÍA, na data da sinatura electrónica.

De conformidade ca resolución do Director Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, do 6 de agosto, concedéuselle ó Concello de Ourense, ao abeiro da Orde de 19 de xaneiro de 2018 (DOG núm. 28 de data 08 de febreiro de 2018), unha subvención para a realización de actividades de orientación laboral, por importe de 50.000,00 euros .

A Concellería de Formación Ocupacional, Desenvolvemento Local e Promoción Económica, como centro xestor do gasto, mediante providencia de data 24 de agosto, desglosa o importe de dita subvención entre os conceptos ca mesma financia e solicita a incoación dun expediente de modificación orzamentaria, na modalidade de xeración de créditos na contía de 29.208,96 € para o ano 2018 e 20.791,04 € para o ano 2019.

O 03/09/2018 emítese informe proposta do Xefe do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria no que se propón a xeración de crédito por importe de 50.000,00 € no exercicio 2018, creando así mesmo un proxecto específico de gasto co código 18-2-11-02.

En data 19/09/2018 solicítase polo Interventor Municipal informe aclaratorio ó Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria.

En data 20/09/2018 emítese informe polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria.

O 26/09/2018, emítese pola Intervención Municipal informe de fiscalización desfavorable.

Posto en coñecemento do Departamento Xestor do Gasto a situación procedimental do expediente no que teñen solicitado a xeración de crédito, este procede a remitir nova proposta na que solicita unha xeración de crédito por importe de 29.208,96 € para o ano 2018, mediante documento asinado en data 02/10/2018.

En data 09/10/2018, preséntase novo informe-proposta por parte do Xefe do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, que é refrendado pola Concelleira Delegada de Facenda na mesma data.

A proposta é fiscalizada favorablemente pola Intervención Municipal en data 11/10/2018 en canto á xeración de crédito proposta, se ben fai a seguinte indicación:

“Así e todo, faise constancia que por habilitarse un crédito orzamentario que conta cun financiamento afectado, en aplicación da normativa reguladora das facendas locais, así como tendo en conta o disposto no artigo 44 das bases de execución do orzamento, cómpre aprobar un proxecto de gasto que permita o seu seguimento contable e control individualizado.

Neste sentido, consonte establece o artigo 44 das bases de execución do orzamento :

“ *Aqueles proxectos de gasto que revistan un carácter xenérico por coincidir a súa denominación coa dunha partida presupostaria e os que xurdan ao longo da execución do presuposto, deberán ser obxecto de concreción por acordo da Concellaría delegada de*



Economía e Facenda, seguindo un procedemento no que se observarán os seguintes trámites:

- Informe-Proposta subscrita polo Concelleiro delegado da Área xestora do gasto, na que se deberá identificar e periodificar o gasto a realizar e os recursos a afectar.*
- Informe de Intervención"*

Dase traslado expresamente desta prevención, toda vez que namentres non se cree este proxecto de gasto, a Intervención municipal non poderá pronunciarse sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente con respecto á aquelas propostas de resolución que tenten imputar gastos ao crédito orzamentario habilitado na súa virtude."

Á vista do anteriormente exposto, no exercicio das competencias que me foron legalmente atribuídas, artigo 124 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como ao artigo 16º das Bases de Execución do Orzamento, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 23-X/2018, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN DOS FONDOS		
<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
N230.2410.13100	Personal lab. temp. Formación Ocupacional	22.553,40 €
N230.2410.16000	Cota patronal S. Social Fomento do emprego	6.655,56 €
TOTAL.....		29.208,96 €

ORIXE DOS FONDOS		
<u>CONCEPTO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
45073	Subv. Xunta Programa Orientación Laboral	29.208,96 €
TOTAL.....		29.208,96 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos, e ó **Servizo de Formación Ocupacional, Desenvolvemento Local e Promoción Económica** os efectos indicados pola Intervención Municipal no seu informe, en canto ó proxecto de gasto posterior a esta xeración de crédito.

O manda e asina o Sr. Alcalde do Concello de Ourense, do que eu, Oficial Maior, dou fe.



Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Verificación do documento mediante código CSV no sitio <http://sede.ourense.gob.es>

CÓDIGO CSV:T9C4K68D70NZP8W0

